

# 10 KM CIDADE UNIVERSITARIA

Domingo 22 de marzo de 2009

## REGULAMENTO

1. O Servizo de Deportes da Universidade de Vigo, en colaboración coa Delegación da Federación Galega de Atletismo en Vigo e o Comesaña Sporting Club, organiza o próximo día **22 de marzo** con saída ás 12.00 h. a proba **10 Km Cidade Universitaria 2009** no **Campus Universitario Lagoas-Marcosende**. O control e dirección da carreira estará a cargo do Comité de Xuíces da Delegación da Federación Galega de Atletismo en Vigo.

2. Esta proba formará parte do **Circuíto Universitario de Carreira en Ruta das Universidades de Galicia**.

3. A carreira constará de:  
tres voltas a un mesmo circuito que transcorre entre os viais interiores do Campus Lagoas-Marcosende e o acceso á Cidade Deportiva do Círculo Mercantil e Industrial de Vigo para completar un percorrido de 10.000 m.

4. Poderán participar todos os nados en **1991** ou anos anteriores e está reservada a corredores españois e portugueses que no foran internacionaiss nos últimos 5 anos (regulamento da RFEA).

A inscrición deberá efectuarse exclusivamente no sitio web: [www.deportes.uvigo.es](http://www.deportes.uvigo.es). Os atletas federados están obrigados a facer constar ademáis de o nome, apelidos e data de nacemento, o nome do club e o número de licenza federativa.

O prazo de inscrición remata ás 14.00 h. do **martes 17 de marzo**. Non se admitirán inscricións fora de prazo. Establécese un límite máximo de **600 participantes**.

5. A cota de inscrición será de **3 €** para os membros da comunidade universitaria e de **5 €** para o resto de participantes. No caso dos universitarios, estes haberán de sinalar na inscrición a Universidade, o campus e o centro ao que pertencen, e deberán indicar si son alumnos, PDI ou PAS.



6. Outorgaranse premios e trofeos aos tres primeiros clasificados de cada sexo na clasificación xeral e trofeos aos primeiros nas seguintes categorías establecidas por cada sexo:

- **Júnior**                    nacidos nos anos 1990 e 1991.
- **Promesa**                nacidos nos anos 1987, 1988 e 1989.
- **Senior**                  nacidos entre 1969 e 1986
- **Veteranos A**        40 a 49 anos cumpridos no día da competición.
- **Veteranos B**        50 anos ou mais cumpridos no día da competición.
- **Universitarios** membros da comunidade universitaria (alumnos, PDI, PAS).

7. Os premios, a excepción dos universitarios, non serán acumulables. No caso de coincidir entregárase só o correspondente á clasificación absoluta. Cada premio non entregado por esta causa, e os seguintes da mesma clasificación, pasarán a corresponder aos clasificados na posición inmediatamente posterior á previamente asignada.

8. Todos os dorsais dos atletas serán entregados polo organizador no momento da confirmación, que se realizará como mínimo **media hora antes** do comezo da carreira, na secretaría situada na **Praza Miralles**, debendo os atletas respectar a publicidade impresa.

9. As reclamacións sobre a competición deberán ser presentadas de acordo coas normas establecidas no Regulamento Internacional da IAAF.

10. A Universidade de Vigo e os seus colaboradores non se fan responsables dos posibles danos que con motivo da competición poidan sufrir os participantes ou ocasionar a outros, sen prexuízo dos dereitos que lle puidesen corresponder ante a compañía aseguradora correspondente.

11. O non previsto neste Regulamento resolverase de acordo co Regulamento Internacional da IAAF.

Vº Bº Delegación da FGA en Vigo



10.09 cidade universitaria  
km